

INTERVENCIÓN

LVP/slb

Refª: ispac886297770550263178.doc

Asunto: Decreto alcalde transferencia de crédito 39-2025 DEPORTES Asistencia técnica

DECRETO

EXCMO. SR. DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, ALCALDE PRESIDENTE DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO

ASUNTO: APROBACIÓN DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA MEDIANTE A MODALIDADE DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO DESTINADA A DAR COBERTURA AS OBRIGAS ECONÓMICAS DERIVADAS DA CONTRATACIÓN DA "ASISTENCIA TÉCNICA PARA A ELABORACIÓN DA MEMORIA XUSTIFICATIVA, ESTUDO ECONÓMICO E PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARA A LICITACIÓN DO SERVIZO DE XESTIÓN INTEGRAL DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DO CONCELLO DE LUGO", ASÍ COMO PARA ATENDER EVENTOS E OUTRAS NECESIDADES QUE NON PODEN DEMORARSE ATA O EXERCICIO SEGUINTE.

Visto o expediente tramitado para modificar créditos mediante a modalidade de transferencia de crédito núm. 39-2025, por un importe total de 35.700,00 €, dentro do vixente orzamento municipal, para dar cobertura as obrigas económicas derivadas da contratación da "Asistencia técnica para a elaboración da memoria xustificativa, estudo económico e prego de prescricións técnicas para a licitación do Servizo de Xestión Integral das instalacións deportivas do Concello de Lugo", así como para atender eventos e outras necesidades que non poden demorarse ata o exercicio seguinte.

Visto informe da Intervención municipal Ref.: 1669/2025, do 31.10.2025, así como os mandamentos contables RCMOD Ref.: 70679/2025, RCMOD Ref.: 70687/2025, RCMOD Ref.: 70694/2025 e RCMOD Ref.: 70699/2025 polo importe total de 35.700,00 euros.

En virtude do disposto nos artigos 179 a 181 do Real decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo cal apróbase o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais; artigos 40 a 45 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril, Regulamento orzamentario; as Bases de execución do orzamento vixente prorrogado e sobre a base das atribucións conferidas a esta Alcaldía, en virtude do disposto no artigo 124.4 g) e ñ), da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa, **RESOLVO:**

PRIMEIRO. Aprobar o actual expediente de modificación de créditos a través da modalidade de transferencia de crédito por un importe global de 35.700,00 € para dar cobertura ás obrigas sinaladas na parte expositiva do presente decreto:

<u>APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS QUE CEDEN CRÉDITO</u>	<u>IMPORTE €</u>	<u>APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS QUE INCREMENTAN CRÉDITO</u>	<u>IMPORTE €</u>
34000.12001	11.760,00 €		
34000.12100	7.596,00 €	34100.22706	14.157,00 €
34000.12101	11.342,00 €	34100.22799	21.543,00 €
34000.16000	5.002,00 €		
TOTAL	35.700,00 €		35.700,00 €

SEGUNDO. Sendo o expediente que se aproba firme e executivo sen máis trámites, polo que se deberán introducir na Contabilidade da Corporación os axustes derivados do mesmo.

Cúmprase.